



ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que a Presidencia da Comisión Informativa de asuntos xerais ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3. 2 a) do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

Tendo en conta que conforme establece o artigo 78.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, son sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA que o artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as comisións informativas (CI) son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes; e que o 26/06/2023 o Pleno do Concello, creou as CI de asuntos xerais, especial de contas, facenda e patrimonio, ordenación do territorio e urbanismo e familia, benestar, igualdade, cultura e ensino e mulleres.).

CONSIDERANDO a existencia de asuntos que requiren do ditame da Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola presente RESOLVO:.



PRIMEIRO: CONVOCAR unha sesión ordinaria da Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo que terá lugar o:

Día: 27/01/2025.

Hora: 8:00 horas en 1ª convocatoria e, se procedese, ás 9:00 horas a 2ª Convocatoria.

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1º.-Aprobar se procede as actas da sesións anteriores:

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 23/09/2024. Acta 02/2024.

2º.-Aprobar se procede a modificación do uso da parcela dotacional do campo de fútbol de A Penela (Exp. 2025/X999/000038).

II.-PARTE DE CONTROL.

3º.-Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da CI, REMITÍNDOLLES a propostas de resolución do asunto incluídos na orde do día, así como os informes existentes no expediente, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral, así como copia da minuta do acta que se leva a aprobación.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.gov.es/portal/acesp/acesp.do>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso, asinado dixitalmente
O Secretario.
Federico Suárez Canelo.